



Dia: Terça-feira, 26 de fevereiro de 2019

LA RIBOT HAPPY ISLAND

5
OUTUBRO

<Happy Island> é froito do encontro de La Ribot coa compañía de danza inclusiva portuguesa Dançando com a diferença. Cinco bailaríns profesionais con discapacidade física e intelectual, entréganse en escena con total liberdade nesta oda á imaxinación, ao alborozo e á existencia nas súas formas máis variadas.

Apunta a escritora e crítica portuguesa Claudia Galhós que en <Happy Island> hai persoas que son lugares e lugares que son persoas, e nese encontro ou tensión entre ambos, xérase a ficción, o mito, a lenda. Sen renunciar á realidade. É nese encontro, nese acto de comunión coa liberdade reivindicada, no que percibimos esa <Happy Island> que La Ribot creou cos bailaríns da compañía Dançando Com a Diferença. Dise que esta é unha compañía de danza inclusiva, na que a maioría dos bailaríns teñen síndrome de Down, pero... mirade máis atentamente. Este é un encontro de persoas e lugares específicos que continúa cunha liña de investigación na que recoñecemos á La Ribot, onde o profundamente humano desafia ao profundamente artístico, que se tocan na asombrosa intimidade do profundamente delirante. A illa e a persoa confúndense. Así como todas as fábulas que habitan dentro de ambas. E así, a fantasía e a realidade achéganse a un soño vivido e soñado. O que existe e o que se mostra en <Happy Island> é un testemuño de vida e de arte.

A caballo entre Madrid e Suiza, La Ribot é unha das artistas españolas vinculadas á danza e a performance máis recoñecidas dentro e fóra das nosas fronteiras. Pola outra banda, o proxecto da compañía portuguesa Dançando com a Diferença, con sede en Madeira e dirixida por Henrique Amoedo, converteuse nos últimos 15 anos nunha auténtica referencia europea de arte inclusiva. Da colaboración entre ambas estruturas artísticas naceu <Happy Island> que xa puido verse en Portugal, Madrid e Suiza dende a súa estrea en 2018.

<http://www.laribot.com/work/60>

SÁBADO 5 DE OUTUBRO ÁS 20.30 H
NO TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
> compra a túa entrada



+ PROGRAMACIÓN
EXPANDIDA

> Próximamente máis información

<https://www.pe-trcdanza.gal/laribot>



Dia: Terça-feira, 26 de fevereiro de 2019

dirección e coreografía >> LA RIBOT | bailaríns: BÁRBARA MATOS, JOANA CAETANO, MARÍA JOAO PEREIRA, SOFIA MAROTE & PEDRO ALEXANDRE SILVA | asistente de coreografía >> TELMO FERREIRA | realización da película >> RAQUEL FREIRE | iluminación e dirección técnica >> CRISTÓVAO CUNHA | vestuario >> LA RIBOT | colaboración artística e dirección de entrevistas >> JOSEP-MARÍA MARTIN | participantes nas entrevistas >> EMILIA MONTEIRO, MARÍA JOAO PEREIRA, BÁRBARA MATOS & JOSÉ FIGUEIRA | asistente de realización da película >> VALÉRIE MITTEAUX | montaxe >> RAQUEL FREIRE | cámara >> RAQUEL FREIRE & VALÉRIE MITTEAUX | confección de vestuario >> LAURENCE DURIEUX & TERESA NEVES | bailarines da Compañía Dançando com a Diferença na película >> ALÉXIS FERNANDES, BÁRBARA MATOS, BERNARDO GRAÇA, CRISTINA BAPTISTA, DIOGO FREITAS, FILIPA VIEIRA, ISABEL TEIXEIRA, JOANA CAETANO, JOSÉ FIGUEIRA, LÍGIA ROSA, MARÍA JOAO PEREIRA, NATÉRCIA KUPRIAN, NUNO BORBA, PEDRO ALEXANDRE SILVA, RUI JOAO COSTA, SARA REBOLO, SOFIA PIRES, SOFIA MAROTE, TELMO FERREIRA, TERESA MARTINS & VITTÓRIA VIANNA | músicas >> FRANCESCO TRISTANO, JEFF MILLS, ARCHIE SHEPP, OLIVER MENTAL GROUVE, ATOM TM, RAW C + PHARMAKUSTIK | produción executiva >> HENRIQUE AMOEDO, DIOGO GONÇALVES & PAZ SANTA CECILIA | dirección artística de Dançando coa Diferença >> HENRIQUE AMOEDO

É unha coprodución de Dançando com a Diferença - Madeira (o Funchal) e La Ribot Cie - Ginebra. En coprodución con Le Grütli-Centre de Production & de Diffusion des Arts Vivants - Festival La Bâtie-Genève e o CND, Centre National de la Danse -Paris e "Commemoraciones dos 600 anos do descubrimento de Madeira e Porto Santo" - Portugal

Co apoio de: La Fondation Ernst Göhner, AC/E (Acción Cultural Española), NAVE (Chile).

Dançando com a Diferença é unha estrutura financiada pola República Portuguesa / Direção Geral da Artes, Governo

<https://www.pe-trcdanza.gal/laribot>